

Estrelas da noite

Fondas tristuras
alóxanse nos nosos corazóns.
Ferímolos con cravos
Saídos da nosa voz.
Descargamos incompreensións
¡que doen coma punzóns!.

Estrelas da noite,
lucos no firmamento.
Estrelas da noite,
compañeiras
dos meus pensamentos.

Estrelas da noite,
chispas de luz
de vos incrustadas
en nobres corazóns
¡que lucos reclaman!.

Na paz do silencio,
na conversa sen palabras.
Xuntos en unión
falan das súas razóns,
testa e corazón.

Na paz do silencio
xorden solucións.
Onde había guerra,
onde había revolución,
falan das súas razóns,
testa e corazón;
os dous..., ¡en unión!.

